

AZUL E LOUCURA

A illa das mulleres loucas de Alfonso Pexegueiro publicouse en 1984 e agora “*volve ao lector para facer da linguaxe realidade na que se mesturan o mítico, o real e o imaxinario*” como se di na contraportada da actual edición. Libro innovador e rupturista, nel Pexegueiro superaba as fronteiras entre os xéneros a través da liberdade léxica e deixaba aflorar o inconsciente para dar forma á loucura que domina ós personaxes: “*azul e loucura dixo/ e no manicomio a palabra era compaixón/ e un prezo*”, o que paga quen bordea o permitido para trazar o seu propio camiño.

Tempos Novos, 88, setembro 2004, p. 73